

**SACRA**  
FESTIVAL  
**2026**





# SACRAFESTIVAL 2026

- LUGAR DE PINCELO
- PAZO DE SAN PEDRO DE TABOADA
- PAZO DE TOR
- CHANTADA
- SAN PAIO DE NARLA
- MUSEO DO MAR DE SAN CIBRAO
- PONTEMOURULLE

## 1- INTERESE CULTURAL E ARTÍSTICO, RELEVANCIA E SINGULARIDADE

A cultura en xeral é un ámbito privilexiado para favorecer o progreso social. Dende esta perspectiva, a arte debe ser entendida coma un factor vital na construción das ligazóns relacionais e comunitarias. É un artigo de primeira necesidade para toda a cidadanía e unha ferramenta para que toda persoa atope xeitos de representación e de visibilización da súa realidade. Dende este punto de partida, e concebido coma un festival multidisciplinar, nace o SacraFestival e o SacraExpandido. Un encontro con responsabilidade e sostibilidade para poñer en mans do público unha cuidada selección de artistas locais, nacionais e internacionais na procura de canles de comunicación co espazo natural e patrimonial e para crear sinerxias e alianzas estables. Neste caso nun lugar único debido a súa paisaxe, fauna, flora e onde a viticultura é unha parte esencial e as raíces culturais aínda presentes nunha loita xeracional constante. O Sacra Festival nace da necesidade de xerar unha programación de calidade en artes escénicas e actividades paralelas de diferentes disciplinas, entendendo este conxunto de manifestacións coma cauce privilexiado para encarnar o vínculo entre a contorna (natural e humana) e o corpo. Un festival que tende ao multidisciplinar acollendo programación escénica, exposicións, catas teatralizadas, desfiles de moda e xornadas de reflexión no ámbito da creación, Intervencións en espazos herdados, en espazos culturais, música, foros para reflexión sobre as prácticas culturais e accións para a activación dos públicos e das audiencias locais do rural. Por todo isto, o festival conta cunha identidade única en España, tamén pola súa formulación sostible e de integración co medio ambiente que ten lugar en diferentes municipios da Ribeira Sacra do Miño (Lugo) coma Chantadas, Taboada, Carballedo, Monforte, Friol e San Cibrao, O Sacra Festival non é só unha programación cultural, é unha filosofía que vai máis aló da oferta de lecer, e comprende o respecto polo medio ambiente e a integración dos espazos da Ribeira Sacra. Non se montan estruturas, os escenarios son os espazos naturais, as rúas, os lugares habitados pola comunidade e as propostas artísticas que integran o seu programa adáptanse aos espazos de representación, tanto espazos interiores coma exteriores da paisaxe da Ribeira Sacra do Miño. Este ano os espazos que acollen o festival son Pazo de Tor, Aldea de Pincelo, Pobo de Belesar, Igrexa de San Xoan da Coba, Pontemouruelle en Taboada, Alameda de Chantada, Auditorio de Cultura, Pazo de San Pedro en Taboada, Museo Fortaleza de San Paio de Narla e San Cibrao no Museo do Mar.

É festival singular que ademais cuida o acceso limitado aos espectáculos, cun máximo de 150 persoas por espazo, : un festival sostible que favorece a relación dos artistas co público e a natureza. Trátase dun encontro para toda a familia que celébrase na contorna privilexiada da Ribeira Sacra, no municipio lucense de Chantada, Taboada e Carballedo.

A programación tanto deste ano, coma de anteriores edicións prepárase paralela aos encontros de creadores e as residencias de creación específicas do festival e as propostas site specific. Un dos criterios fundamentais na selección de artistas e propostas artísticas é o traballo coa contorna e territorio que acolle este festival; a paisaxe na que se enmarca e o contexto de diálogo entre artes, paisaxe e patrimonio, para isto aliámonos con diferentes entidades públicas e privadas coma:

*" Rede Museística Provincial de Lugo, Fundación Ronsell, Concello de Chantada, Rede Aldear, Rede Miño Secreto, Cinema Palleiriso, Fundación Adolfo Domínguez e Fundación Condado de Sequeiras e baixo o patrocinio do Concello de Chantada, do GDR Miño Ulla, do Ministerio de Cultura nas actividades paralelas, do Consocio da Ribeira Sacra e Gadisa ademais da Deputación de Lugo e a Rede museística."*

Nesta programación unimos unha coidada selección de artistas emerxentes e noveles a destacados artistas que forman unha parte importante do noso proxecto e a nosa filosofía, coma Maria Juncal, Julio César Iglesias Ungo, Certamen Coreográfico de Madrid, Mercedes Peón, Niño de Elche e Emil Saiz, Nova Banda Rural, Proxecto Rural Crea, Experimentadanza, Andrea Nunes e Su Garrido xunto con enólogos Marcos Eiré e Roberto Regal e a visionaria e viticultora por excelencia Esther Teijeiro.

Mostramos especial interese en que os artistas adapten as súas propostas ao espazo elixido, intervindo directamente nos contextos patrimoniais e naturais. Isto convirte ás intervencións artísticas site specific en obras completamente novas, estreas abosolutas e irrepitibles, creando diálogos e investigacións entre o patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra e os artistas. Estas mostras son, ademais, presentadas ante a comunidade nun contexto único de intimidade e cercanía coas creacións, unindo propostas gratuitas nos museos da Rede de Lugo con espectáculos a taquilla de 20 euros e gratuito para nenos de ata 14 anos.

Establecendo pontes que inclúen tamén aos públicos no feito artístico e dando lugar a un achegamento significativo ás artes escénicas.

Este festival de pequeno formato, propicia lazos relacionais entre o público e os artistas, creando tamén novos públicos a través da mediación co territorio. Por iso elegimos propostas que conecten coas nosas tradicións e fundan esta cultura máis recoñecida con propostas emerxentes, innovadoras e modernas, como as fusións entre música electrónica e tradicional, música e poesía, teatro-danza, instalacións, etc. O festival Sacra Festival dende hai dous anos, e tras unha reflexión sobre a singularidade deste festival para o Territorio, decide levar a cabo dúas programacións expandidas. O programa COMUNIDADE-MUSEO nos catro museos da Rede Museística Provincial de Lugo. A outra vía de Festival expandido será no núcleo de poboación en Chantada, en espazos públicos (espectáculos de rúa). Dende o ano 2024, o Festival adica un día de programación o pobo central do festival, neste marco de entrada libre colaboran entidades e os locais comerciais e de hostelería dos espazos máis emblemáticos do pobo. O bar Centro, na rúa Leonardo Rodríguez, é o punto de partida do festival.

Mostrando o “Non me toques o segredo”, para público familiar da compañía Experimentadanza, no auditorio de Chantada levaremos a cabo o Concurso de pezas curtas para novos creadores do Rural e na Alameda a peza “De corpo e palabra”. Ademáis, realizarase a inauguración da exposición de proxectos previos patrocinados por Caixabank e a Fundación Paideia, en espazos do pobo e o desfile de moda da Pequena Bauhaus protagonizado pola mocidade de 12 a 16 anos e a presentación da publicación Miradas Sacras.

## **SACRAFESTIVAL 2026 E SACRAEXPANDIDO COMUNIDADE-MUSEO**

**REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO**

**LUGAR DE PINCELO , CARBALLEDO E TABOADA**

A Asociación **SacraExperience**, dende este ano 2025 centra o seu festival en diferentes espazos da Ribeira Sacra do Río Miño, entres eles, os museos da Rede Museística Provincial de Lugo ,durante os meses de maio e xuño 2026. Para ter ocasión de xerar unha programación rica **dende e para** a comunidade que sexa presentada e recollida por entornos patrimoniais e Culturais de referencia como a Rede Museística Provincial de Lugo.

Deste xeito **COMUNIDADE-MUSEO SACRA EXPANDIDO** establécese coma unha cita regular de programación expandida do festival, unha programación que pon o foco nos proxectos comunitarios para dar protagonismos á xente que habita a paisaxe. Un encontro de artes en diálogo con espazos patrimoniais da provincia de Lugo como **Pazo de San Pedro de Taboada, Pazo de Tor, Museo Provincial de Lugo, Museo de San Paio de Narla e Museo do Mar de San Cibrao**. que afonda nos intereses da Asociación, dando un xiro definitivo a un formato de festival máis común, e descentralizando a programación, dando especial importancia a como dialogan os espectáculos, foros, desfiles de moda e mostra de videocreacións nestes espazos referentes na actividade cultural da contorna rural. Artistas de artes escénicas primordialmente que dialogan e co-crean coa Comunidade en proxectos previos que dan lugar a mostras de traballos e outros de eles que buscan propoñer pezas site especificar para o festival. Adicando unha parte moi salientable ós colectivos en risco de exclusión social. Aos que se lles impide moitas veces o acceso cultural de calidade pola súa localización ou clase social e económica.

Por iso neste proxecto , hai unha aposta firme por procesos de creación onde os protagonistas son as Comunidades. Dando voz a moitas persoas que ata o de agora estaban invisibilizadas e, moitas veces, non potenciadas.

### **Repoboación a través da Cultura.**

A Cultura coma motor de cambio para intervir os Territorios, sobre todo aldeas e pobos do interior de Lugo. Dentro desta programación, plantexamos programacións de *Artes escénicas e musicais* e *xornadas de pensamento colectivo*, para adultos e para os máis novos, que son os que verdadeiramente poden loitar por esta Galicia vaciada.

## PROGRAMA

A través do apoio da Rede Museística Provincial de Lugo e Vicepresidencia da Deputación de Lugo, este ano no canto de centrar tódalas accións no Pazo de Tor, as abrimos a máis espazos da rede.

LUGO

MUSEO PROVINCIAL (exterior)

VENRES 15 DE MAIO 2026

20.00 Horas.

**EL VACÍO.**

**Danza contemporáneo**

**- Instituto Colombiano de Ballet (Incolballet) - COLOMBIA**



O maestro cubano *Julio César Iglesias Ungo* musicalizou, dirixiu e crea a coreografía da obra *El Vacío*, para Incolballet, unha profunda reflexión sobre a decadencia espiritual da sociedade contemporánea. A través da linguaxecorporal e a forza do movemento esta posta en escea explora a fragmentación interna dos individuos e a desconexión colectiva nun entorno que parece desintegrarse. A música orixinal —composta por Iglesias— sumerxe o espectador nunha experiencia sensorial cargada de significado e reforza a atmósfera deste recorrido emocional no que a perda de propósito e a crise espiritual compartida son o eixo da interpretación.

A Compañía Colombiana de Danza Contemporánea foi fundada en xuño de 2015, baixo a dirección de Consolo Bravo e a dirección artística do mestre *Arlai González Padín*. Actualmente conta con trece bailaríns e participou en eventos nacionais e internacionais como o X Festival Internacional de Ballet de Cali, a 3ª *Bienal Internacional de Danza de Cali* e o XXI Festival Habana Vella, "Cidade en Movemento", e a compañía *Retrincos*, e como convidados do *Teatro Thalia de Suriname*.

Incolballet tamén contou coa participación de coreógrafos internacionais como *Jorge Abril Santander*, coas súas obras "Que me parta un raiol!" e "A bela"; o coreógrafo cubano, radicado en Alemaña, *#Julio César Iglesias*, coas súas obras "Armentum" e "A cura"; o coreógrafo francés *Davy Brun*, director do Conservatorio de Lyon, coa súa obra "Lak"; *Redha Benteifour* coa obra "Mal de Vivre" e *Susana Pous* de España coa obra "Mentiras que son Verdades". Esta compañía é actualmente un dos corpos estables de Incolballet xunto coa Compañía colombiana de Ballet, desta maneira continúa a tradición desta institución pioneira en educación e práctica da danza no *Val do Cauca*. A compañía foi gañadora da bolsa de creación de mediana traxectoria da 5 edición da *Bienal Internacional de Danza de Cali* en 2021.



CHANTADA  
AUDITORIO  
SABADO 16 DE MAIO  
20:00 HORAS

## DE CORPO E PALABRA

Danza - Teatro - Poesía - Música en Directo



### Su Garrido, Andrea Nunes y Colectivo DIVERSOS - GALICIA

*De corpo e palabra* é unha viaxe pola poesía a través da linguaxe da danza e o teatro. Ao tempo, é unha peza de loita contra un sistema social e económico quenos atrapa. Coa poesía en directo de Eva Veiga e Andrea Nunes e a voz e ambiente sonoro dun collage musical e *Su Garrido*.

Un homenaxe ao máxico mundo das palabras e como estas habitan todo tipo de corpos. Espectáculo de danza e teatro inclusivo, no elenco forman parte persoas con e sen diversidade, e un espectáculo financiado pola *Fundación Emalcsa* con estrea en Novembro 2025 no Centro Ágora dentro do **Festigual**.

### EXPERIMENTADANZA

Este espectáculo é unha proposta de danza-teatro e música en direct, a idea é crear unha nova linguaxe onde a danza e a palabra fusiópanse. Utilizan textos de poetas como Rosalía de Castro, Xela Arias ou Lorca, e tamén inclúen creacións de artistas con e sen diversidade, o que promete encher o escenario de voces, corpos e sonoridades moi variadas. A compañía Experimentadanza, dirixida por Carlota Pérez, leva desde 2003 traballando en danza inclusiva e proxectos comunitarios, así que teñen unha traxectoria importante neste tipo de propostas. Ademais, contan con colaboracións de artistas como *Su Garrido*, *Mercedes Peón* e *Cibrán Seixo*, e tamén a *Banda Municipal de Música dá Coruña*, *Andrea Nunes* e *Eva Veiga*.

### ANDREA NUNES

Vinculou dende os seus comezos, a actividade poética có activismo feminista, coma o demostra a publicación de *Corrente do esquecemento* (2007), o primeiro dos seus libros, publicado por Aturuxo, Federación de Asociacións LGBTQI. Cos seus versos, que publica en numerosas revistas, periódicos e libros colectivos, así como en *Todas as mulleres que fun ...*,

Criouse en Traspíelas, no concello de Fornelos de Montes. O seu estilo musical abrangue diversos xéneros e matices de bossa, folk, jazz ou latín. Traballa en proxectos individuais e en proxectos colectivos. As estancias coa súa avoa Leonora en Traspíelas, Fornelos de Montes, marcaron a súa música. Ten unha ampla formación académica: Conservatorio Mayeusi (Vigo, guitarra), Universidade de Santiago de Compostela, (Historia da arte) Universidade de Salamanca (Musicoloxía), Universidade de Granada, (bolsa Seneca) Univesidade de Florencia, (bolsa Erasmus).

Formou parte do grupo folk *Lembranzas Galegas*, do grupo *Sonhos*, do grupo TREME (con Margarida Mariño) e en 2018 de Son Trío coa pianista e compositora *Katerina Linke* e a celista *Susanna Blanco*. En 2018 gravou o seu primeiro disco en solitario *Quedo a vivir aquí* e presentouno con xiras en Galicia, Portugal e Irlanda. En decembro de 2022 saíu *Patios de luz*.

Esta visita teatralizado a través da cata de 6 viños con Historia e unha nova maneira de ensinar o Museo Fortaleza onde a poesía , a enoloxía e música en directo das novas xeracións únense para facer unha viaxe polos sentidos.

## SU GARRIDO

Recoñecementos:

- 2007: 2º posto no concurso Internacional de música MAPFRE Vive para cumprirlo International Music Competition co seu tema Linda. E 4º posto polo tema Extraña María.
- 2007: 3º posto no concurso Gz crea 2015: xunto con Margarida Mariño,
- 1º Premio no concurso Música Xove 15 ó mellor grupo xove galego
- 2018: 1ª clasificada no Premio Narf outorga do pola área de Cultura da Deputación da Coruña.[6]
- 2018: Son Trío, proposto para os Premios Martín Códax da música galega en Música clásica e contemporánea.

Obra

- *Quedo a vivir aquí* (2018).[8] Temas: "Ímola alboreando, Camiñan descalzas, Pecados, As bandeiras, Strange boat, As gueivotas, El 18 de julio, Quedo a vivir aquí, The long road home,
- *Patios de luz* (2022) Temas: "Nun patio de luz, Rúa do pracer, O outro lado, Doce caseiro, Domingo, To let the light shine through, A arranca das patacas, O meu neno, A horta do Berbés".



MUSEO FORTALEZA  
SAN PAIO DE NARLA (Xardín Exterior)  
DOMINGO 17 DE MAIO  
13:00 HORAS




## CATA TEATRALIZADA

A Cargo de Andrea Nunes e Roberto Regal,  
e música dos músicos da escola municipal de música de chantada.

### ROBERTO REGAL

Creador do proxecto *Enonatur*, enólogo e investigador, crea viños de autor na Ribeira Sacra e ten os seus propios viños, viños con historia, neto da primeira productora de viño ecolóxico *Esther Teixeira* e cunha traxectoria destacada no mundo da viticultura heroica, sen deixar de participar e colaborar en proxectos que unen o viño e a cutura. Durantes unha hora veremos o museo dunha maneira diferente onde o pracer dos sentidos viaxará a través de viños con Historias persoais coma *Neno da Ponte*, *Os Cipreses*, *Lagar do Vento*, *Diego de Lemos*, *Noa de Sabateliuse*, *A Lama de Dominio de Vivei*,

Cada viño é un poema e unha pequena historia musicalizada que debutan pairases no alma do espectador.



**PAZO DE TOR (MONFORTE DE LEMOS)**

**SÁBADO 23 DE MAIO 2026**

**11:00 A 14:00 HORAS**

## **XORNADAS DE PENSAMENTO.**

**Espazos de creación na contorna rural**

**GALICIA e Proyectos Nacionais**

**ENTRADA  
DE BALDE**

Neste encontro queremos xuntar a diferentes espazos de creación de España que habitan a contorna rural, compartir experiencias, falar sobre as fragilidades, e crear redes que nos den lugar a poder visibilizarnos xuntas neste espazo para reflexionar. Participan A Casa Vella, SacraExperience, Asociación de coliving Fixar, proxecto Rurealidades, la Animal a la Esquena, Asociación Ser, Polos de emprendemento da Fundación Ronsell, Fundación Uxio Novoneyra, Espazo Azala, Campo Adentro, Proxecto Abadia O Pelouro e propostas de xente nova que teña un proxecto en xerne na contorna e se seleccionarán dous proxectos.

Moderadora e mediadora do Encontro, Natalia Balseiro. Repensar a maneira de facer un cambio real, regular e profundo onde a cultura e os procesos creativos favorecen un progreso dentro dos territorios e conectan as áreas rurais con núcleos urbáns e proxectos internacionais, para así poder aprendernos xuntas e poder recoller as testemuñas destes lugares tan disgregados. Coas sabidurías que pertencen a esas persoas maiores, as cales deixannos un legado auténtico que non debería quedar no olvido e a sinerxia entre a creación máis tradicional e cultura contemporánea, xunto a comunidade tan minoritaria que convive nestes entornos alonxados da vida das urbes pode facer recuperar una nova vida aos novos habitantes e novas comunidades nestes lugares.

**De 14:00 a 16:00.**

## **XANTAR INTERCULTURAL**

**DE 16:00 A 18:00 HORAS**

## **Conclusións e debate final do Encontro.**

**DE 18:00 A 21:00 HORAS**

## **REINVENTAR A PAISAXE.**

**MOSTRA DO ENCONTRO DE NOVOS CREADORES.**

Dende o mes de abril do ano 2026, convocarase este programa de co-living de creadores que pensan a paisaxe xuntas, para elo seleccionaranse seis artistas de deseño gráfico, danza contemporánea, fotografía e vídeo instalacións, artes plásticas, e deseño de moda que convivirán durante 15 días previos á mostra en SacraExperience e baixo a inspiración na aldea de Pincelo, o Pobo de Belesar e coa colaboración de "Mais que Románico" para as visitas previas as Igrexas románicas de Pesqueiras, Santo Estebo de Riba de Sil e San Xoan da Coba. Esta exploración creativa dará lugar a unha exposición no espazo de traballo, na aula multidisciplinar de SacraExperience e tamén a unha reportaxe de seguimento que se proxectará no Pazo de Tor onde os creadores expondrán con comunicacións abertas ao público, o que foron as súas experiencias no Territorio e no seu patrimonio e vídeos e fotografías do traballo realizado durante esta inmersión creativa.

PAZO DE TOR (XARDINS)

MONFORTE DE LEMOS

SÁBADO 23 DE MAIO 2026

## “ANTES DE DESAPARECER”

CLARA LÓPEZ, JULIO CESAR IGLESIAS,  
CARLOTA PÉREZ, PIO LÓPEZ.

Artes Escénicas Inclusivas - Danza contemporánea



### JULIO CÉSAR IGLESIAS UNGO

Estudou na E.N.A. de La Habana de 1995 a 2001, graduándose coma bailarín profesional, profesor e coreógrafo. Foi bailarín principal e coreógrafo residente de Danza Contemporánea de Cuba. Coma coreógrafo, creou obras para diversas compañías e eventos. Con sede en Renania del Norte-Westfalia (Alemania), e có apoio de Tanzhaus NRW y Pumpenhaus Münster, as súas obras máis destacadas:

#### DOCUMENTA KASSEL [ediciones 2005 – 2022]

No año 2005 Julio César Iglesias Ungo realizou a coreografía para Simple Red, unha peza presentada na Documenta Festival en Kassel, Alemania. No ano 2022 participou de novo no festival, esta vez cun concerto musical coma J-Lawton dentro do Rotilla Festival Ave Fénix, como parte do Documenta Festival en Kassel. Os seus sets están cargados de sons escuros e enérxicos que defenden estilos diversos como industrial, EBM e Hard Techno.

#### COMPAÑÍAS:

Danza Contemporánea de Cuba, Unusual's, Symptoms (Samir Akika), Kenneth Kavnarstrom, Matz Ek, Lana Intrusa (Damián Muños/Virginia García), Ultima Vez (Wim Vandekeybus), Susanne Linke, Soit Company (Hans Den Broeck), Lana Macana (Alexis Fernández / Caterina Varela), Lees Ballets C de lana B (Alain Platel), Renegad Company, Helka (Helder Seabra).

#### COMO COREÓGRAFO:

Desde estudante, recibiu numerosos premios polas suaspezas para Danza Contemporánea de Cuba, Danza Abierta, Danza Retazos, así coma intervencions urbanas para Cities in Movement na Habana Vieja. As súas recentes obras inclúen Breath Fragment, Dust and Stones, Triptique, Drown the Road, Out of Body, The Family, The Angel/ Fish Dream, El Cristal, Armentum, The Hidden Door, Lana Cura, This Horse You Perro Not Reíd, Dust Inside, The Well in the Lake, Mercurio, Invisible Wires, Crack in Dawn, Imagine A... Right in the Middle, Coil, Show of Cristal, Lana segunda piel, Bladerunner, Exposure, entre outras.

#### COMA PROFESOR:

Desenrola o método *INNER TOOLS*, baseado na condición humana como fonte creativa, buscando controlar accións e emocións, potenciando o AGORA como eixe central. Coma profesor habitual: MTD School de Ámsterdam, ZZT Colonia, ARTEZ Academy fuere Theatre and Dance, Tanzhaus NRW Düsseldorf, Performact Dance Academy.

CUBEART FESTIVAL: Festival multidisciplinar que promove a danza contemporánea cubana, arte urbano e música electrónica a través de actuacións integradas, música en vivo e instalacións artísticas, colaborando con artistas locais e internacionais para transformar a relación co público e coa cultura.

## CARLOTA PÉREZ FERNÁNDEZ

### EXPERIMENTADANZA

Coreógrafa, Licenciada en Historia da Arte, bailarina e xestora cultural. Presidenta do *Colectivo Diversos* para a Integración Social e directora artística dos proxectos de *SacraExperience*, Traballa dende hai anos coma directora artística en distintos proxectos de inclusión social a través das Artes con persoas con e sen diversidade.

Dende que crea a súa compañía de danza *Experimentadanza* no ano 2003 dirixe máis de 20 espectáculos de danza e interdisciplinares para adultos e nenos, algúns deles recibindo importantes premios coma *Meltemi*, o 1º premio de Certame Coreográfico de Madrid e o segundo de Galicia, *A escondidas* recibindo o premio de novos creadores de Povia do Varzim, a residencia en Montemorono de Rui Horta, sendo a primeira compañía galega coproducida polo Centro Coreográfico Galego co seu espectáculo *Arte a escea*.

Destacan os seguintes espectáculos:

*A escondidas, Nuestros sueños nun baul, Mínimas dosis de danza, Meltemi, Luz en el agujero, Límites, Míranos, Y otra vez, Arte a escea, Deep End, Soños e Zapatos, Picasso A ollada nas mans, De corpo e Palabra, Non me toques o segredo e Mater, etc.*

Dende o ano de creación do compañía traballou con destacados bailarines como *Thierry Taboni, Jurij konjar, Leodán Rodriguez, Jordi Cortés, David Loira, Nuria Sotelo, Marta Alonso, Alexis Fernández, Blanca Blanco e Caterina Varela.* e colabora con directores e coreógrafos como *Damian Muñoz, Chevy Muraday, Jordi Cortes, Julio Cesar Iglesias Ungo, Mikel Arístegui* e con actores e músicos como *Alexis Delgado, Santi Prego, Andreu Rifé, Xose Lopex, Xoan Carlos Mejuto, Eva Veiga, Mercedes Peón, Su Garrido, Davide Salvado, Laura la Montagne e Pico Amperio, Andrea Nunes e Julian Elvira,* dende fai 7 anos crea o seu espazo de residencia e de creación e sede de *Experimentadanza* en *Sacraexperience*, no lugar de *Pincelo na Ribeira Sacra del Miño*, como directora artística dende fai 9 anos do *SACRAFESTIVALL*, de 5 anos *Sacraforma* e dende dous anos do programa *Cohabitar a Creación*, paralelamente centra o seu traballo na dirección de proxectos escénicos para a Comunidade e inclusivos en Santiago de Compostela e Coruña con apoios públicos e privados e dirixe dende fai 15 anos o festival *Artes pola Integración* en Coruña e Santiago.

*Antes de desaparecer* hay un lugar no que non se pode mirar de fronte. Un centro invisible que atrae, insiste, llama O corpo aproxímase sen saber por qué. Algo tira de él coma unha forza silenciosa, alterando o tempo, o equilibrio e a memoria do movemento. A medida que a cercanía aumenta, a forma comenza a ceder, a identidade vólvese inestable e o xesto coñecido deixa de responder. Máis alá do centro é unha peza de danza sobre o umbral do descoñecido: ese punto onde xa no e posible sosterlo que somos e o corpo vese obrigado a transformarse. Non fala de caída, se non de entrega. De cruzar un límite onde a linguaxe disólvese, so queda a experiencia de saltar ao vacio.

**SACRAEXPERIENCE**  
**LUGAR DE PINCELO**  
**VENRES 26 DE XUÑO**  
**21:00 HORAS.**

**MERCEDES PEÓN**  
**CONCERTO e PERFORANCE (GALICIA)**

Entrada  
**20 €.**

Compositora de autoestima cultural.

Premios: Nacional de música, Artista do ano Folkworks, Songlines top of the world, mellor disco do ano premio opinión, número 1 músicas divesas México, Premio da crítica no eido musical, Mestre Mateo de música etc.

Discografía: Isué, Ajrú, Sihá, SÓS, Deixaas, mais discos de colaboracións.

Escénicas: "Osmose" peza-ensaio. Conferencia escénica "Desaparecer" etc.

BSO: "Liste pronunciado Lister" "Nación" de M. Ledo, "O corpo aberto" A. Huerta.

Curtametraxes: "Cien fuegos" M.Ledo e "Alboroque" De Sabrina Vázquez

Danza: "Mercedes mais eu" de Janet Novás, " O kiosco das almas perdidas" de Roberto Oliván entre outras.

Encontros de pensamento:

Consello da Cultura Galega.

Universidades: La Sorbone, Gales, Lisboa, etc.

Museo do Pobo Galego,

Ponencia en "La Caldera".

Participación en "Los encuentros de Pamplona"

X Encontro Cultura e Cidadanía 2024 " Saberes Subalternos".

Marisolasak 2024 " Mari Pensando" nas marxes da invisibilidadeá ocupación dos espazos.

Entre outros.....



SACRAEXPERIENCE  
LUGAR DE PINCELO  
VERNES 26 DE XUÑO  
22:00 HORAS

## A NOVA BANDA RURAL

CONCERTO XUVENIL (Actividade paralela)

Entrada  
5 €.

Proxecto que comeza no mes de decembro 2025 ata xuño 2026 seleccionando a 7 rapaces que viven no rural de diferentes lugares de Galicia e que traballarán diferentes módulos de creación musical para sacar 7 temas propios tras a exploración en composición e creación musical con músicos destacados no noso territorio como *Monica de Nut*, *Su Garrido*, *Daive Salvado*, *Steven Garcia*, *Sumrrá*, co apoio da *Fundación Paideia* e *Caixabank* para a grabación dun disco que se presentará en diferentes encontros e festivais.

P



**PINCELO**

**SACRAEXPERIENCE**

**DOMINGO 28 DE XUÑO**

**20:00 HORAS**

**CICLO "MULLERES EN DANZA"**

**ECOS**

**Solange Marchant.**

Danza contemporánea

Comeza os seus estudos en 2005 na *Universidade de Artes, Ciencia e Comunicación* de Santiago de Chile, en segundo ano de carreira trasládase a Barcelona para finalizalos na *Universidade das Artes Cinematográficas e Escénicas*. Paralelamente estuda en *Laboratorio*, escola de expresión corporal e arte dramática de Jessica Walker. Continúa nas artes escénicas a través da danza Contemporánea, o *Butoh* e *Contact*, obtendo varias residencias artísticas: *Centro Cívico de Drassanes*, coa peza "*Hei Arribat*" un só de creación propia, e "*Triplo Hellow*" un dúo de creación propia co catalán *Dani Casellas Sulé* e no *Centro Cívico de Sabadell* o proxecto "*Etairas*" baixo creación colectiva baixo a dirección da bailarina *Matixell Chexa*. O teatro e a danza levoulle a profundar cada vez máis no corpo, o movemento e a respiración, levándolle a ser instrutora de *Hatha loga*.

Participou en varias pezas de teatro dirixidas por *Jessica Walker* presentadas na *Now Ivanov*, no marco do festival do Laboratorio escola, Barcelona. Algunhas delas son, un só "*Ti se Eu non*" e "*O si O Non Elsinore*" creación colectiva. Pertenceu ao colectivo de *Corpos en Viaxe*, dirixido por *Gonzalo Cid*; actualmente é actriz e bailarina do colectivo *Diversos da Coruña*.

Entrada  
**10 €.**  
+  
Consumición



**PINCELO**

**SACRAEXPERIENCE**

**DOMINGO 28 DE XUÑO**

**20:030 HORAS**

**LAURA MORALES**

**y BAILE COMUNITARIO**

Artes escénicas



Titulada en enseñanzas artísticas profesionales en la modalidad de Danza Contemporánea en el Conservatorio Profesional de Danza Antonio Ruiz de Soler.

Premio a una Bailarina sobresaliente por la Fundación AISGE para asistir como International Choreographer al American Dance Festival, North Caroline durante seis semanas, y posteriormente dos semanas en el Movement Research, NY 2017.

Mejor Intérprete femenina en los Premios Lorca de Andalucía por la pieza *GOOD GIRL* de las *Hermanas Gestring*, 2017.

Mejor pieza de danza contemporánea a su primer solo "A full life of rivers and icy mountains" por los Premios Escenarios de Sevilla 2018.

Premio CREA MUDANZAS del Primer Certamen coreográfico nacional de espectáculos de calle dentro del Festival Mu-Danzas, 2024.

Ha colaborado con coreógrafos y compañías como *Truca Circus*, *Núria Givi*, *Aitana Cordero*, *Judith Sánchez Ruiz*, *Caroline Beach*, *Horacio Macuacua*, *Teresa Navarrete*, *Mariá Cabeza de Vaca* y el músico *Miguel Marín*, *Guillermo Weickert*, y *Mopa*.

Actualmente está coreografiando su segunda película, "Virgenes", de Alvaro Díaz Lorenzo y, en abril con su colectivo *Hermanas Gestring* "Cuantica Rave" de Paco Campano.



## OBXETIVOS DO FESTIVAL

- **Fomentar o acceso á cultura no medio rural**, mediante unha programación de calidade en artes escénicas contemporáneas na Ribeira Sacra do Miño, que favoreza a inclusión social, a participación de toda a cidadanía e a descentralización cultural. Este obxectivo dá cumprimento aos principios establecidos na Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, promovendo o exercicio pleno dos dereitos culturais en condicións de igualdade, especialmente en contextos con menor oferta cultural como o rural galego.
- **Conectar a creación artística coa contorna natural e patrimonial**, impulsando intervencións site-specific que dialoguen coa paisaxe, a arquitectura tradicional e os espazos comunitarios, fomentando un vínculo profundo entre arte, territorio e cidadanía.
- **Impulsar o desenvolvemento profesional de artistas locais, nacionais e internacionais**, favorecendo a produción e estrea de obras inéditas a través de residencias previas, laboratorios de creación e programación escénica interdisciplinar.
- **Consolidar unha comunidade cultural activa no rural galego**, xerando espazos de encontro entre artistas, público e axentes culturais mediante accións de mediación, creación de redes como aldear, o miño secreto, foros de reflexión e actividades interxeracionais.
- **Promover prácticas culturais sostibles, respectuosas coa contorna natural** e que reduzan o impacto ambiental, mediante a integración dos escenarios na paisaxe e a non utilización de infraestruturas invasivas.
- **Favorecer a diversidade de linguaxes artísticas**, integrando disciplinas como adanza, performance, música, teatro físico, instalación e poesía, así coma propostas híbridas que fusionan tradición e vangarda. Establecer pontes entre tradición e contemporaneidade, fomentando propostas artísticas que reinterpreten o legado cultural da Ribeira Sacra desde unha mirada innovadora, plural e inclusiva.
- **Crear novas audiencias e fomentar a participación activa do público**, impulsando unha rede de colaboración territorial, implicando a municipios, asociacións, adegas, espazos culturais e axentes da contorna rural na organización do festival, fortalecendo así o tecido comunitario e artístico da zona.
- **Contribuír ao recoñecemento da cultura como ben esencial**, reivindicando o seu valor na construción do tecido social, a expresión de identidades diversas e o impulso do pensamento crítico e creativo.

# SACRA

## EXPERIENCE



AXENCIA GALEGA  
DAS INDUSTRIAS  
CULTURAIS



XUNTA  
DE GALICIA



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA

Cultura



Consortio  
de Turismo